



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 28/10/09:

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A recuperación ambiental das Salinas obtivo un alto grado de respaldo social que é facilmente comprobable pola enorme cantidade de público que visita o lugar. Son dúcias as persoas que cada día o visita e centos as que se achegan ao lugar durante a fin de semana. A xente que visita As Salinas está, ademais, manifestando un alto grao de civismo e de respecto pola súa diversidade natural. O uso principal que se lle está dando ao lugar é o do paseo e observación das distintas especies do lugar.

Este enclave ofrece unhas inmejorables calidades para a observación das aves mariñas, e é un lugar de interese intermareal, unha vez que coa chegada do outono, empeza a inmigración de aves mariñas procedentes doutros puntos de Europa.

Coa súa situación actual non podemos considerar que a restauración e posta en valor estea rematada e queremos que a súa mellora continúe, polo que se debería facer o esforzo necesario para a súa promoción e organización de xornadas de visitas, especialmente entre os centros de ensino e a aquelas asociacións vinculadas coa natureza. Con isto continuaría a posta en valor do espazo natural máis importante do noso concello.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa promocionará as Salinas de Ulló como lugar de interese intermareal e de observación das distintas especies do lugar.

**Segundo.** O Concello de Vilaboa organizará actividades, xornadas e visitas, especialmente entre os centros de ensino e a aquelas asociacións vinculadas coa natureza, para promocionar o lugar.

Vilaboa, 20 de outubro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA